

ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO PÚBLICO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

Acordar a imposición e ordenación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Sanxenxo, cos seguintes artigos:

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 15 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a presente taxa pola prestación do Servizo de Teleasistencia domiciliaria, que se rexerá polas Normas da presente Ordenanza Fiscal. A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra)

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da presente Ordenanza a prestación de servizos sociais comunitarios de carácter asistencial e preventivo na prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria en Sanxenxo (Pontevedra), tendente a mellorar as condicións de vida daquelas persoas que, pola súa avanzada idade, discapacidade, illamento social,... lles supoña un apoio co fin de favorecer a súa permanencia no contorno habitual.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ao pago ou son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que utilicen o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria. Deben excluírse como usuarios as persoas con enfermidades mentais graves, incluídas demencias, dado que o manexo do sistema require un certo nivel de comprensión e discernimento. Doutra banda, dado que o sistema posibilita a atención en base principalmente á comunicación verbal usuario-centro de atención, deben

excluirse tamén ás persoas con notorias deficiencias auditivas e/ou de expresión oral.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou Entidades, considerándose a estes efectos como debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria. En relación á responsabilidade

solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. – CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

1.- Poden ser usuarios do Servizo de Teleasistencia todas aquelas persoas que, pola súa avanzada idade, discapacidade, illamento social,... lles supoña un apoio co fin de favorecer a súa permanencia no contorno habitual.

2.- Poderán gozar da condición de usuarios do Servizo de Teleasistencia todas aquelas persoas que, á data de entrada en vigor da presente Ordenanza, se atopen recibindo o servizo, e que non manifestasen a súa negativa expresa a seguir recibíndoo.

3.- Será indispensable para obter a condición de usuario do Servizo de Teleasistencia Domiciliara, estar empadroado neste Municipio.

4.- A condición de beneficiario non se entenderá nunca como un dereito permanente, senón que sufrirá modificación ou se perderá en función da variación das causas que motivaron a súa concesión.

ARTIGO 6. – PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO (Modificación publicada no BOPPO Núm. 129 de data 5 de xullo de 2018)

A condición de usuario do Servizo de Teleasistencia Domiciliara poderá perderse por calquera das seguintes causas:

- a) Por falecemento do usuario.
- b) Rexeitamento voluntario.
- c) Ingreso definitivo nunha residencia de convivencia ou institución similar.
- d) Cambio significativo, con carácter permanente, das circunstancias persoais que deron lugar á instalación de teleasistencia.
- e) Entorpecemento grave da labor dos profesionais que levará a cabo o servizo.
- f) Por falta de pagamento reiterado da taxa.

ARTIGO 7.— SEGUIMIENTO, REGULARIZACIÓN E AVALIACIÓN (Modificación publicada no BOPPO Núm. 129 de data 5 de xullo de 2018)

En tanto o Concello de Sanxenxo estea adherido ao Convenio coa Deputación de Pontevedra para coordinar o cofinanciamento e o desenvolvemento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria, asumirá as cláusulas nel designadas comprometéndose ao seu cumprimento.

Os servizos sociais comunitarios serán os competentes na recepción da demanda dos posibles usuarios de teleasistencia, na solicitude da documentación necesaria, na realización da avaliación social, así como na elaboración da proposta correspondente de inclusión no programa que será asinada pola alcaldía/presidencia.

Todas as reclamacións, queixas ou suxestións sobre o Servizo de Teleasistencia deberán canalizarse a través dos servizos sociais comunitarios do Concello de Sanxenxo.

ARTIGO 8. – EXENCIONES E BONIFICACIONES

Conforme ao artigo 9.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 9. — COTA TRIBUTARIA E TARIFAS (Modificación publicada no BOPPO Núm. 129 de data 5 de xullo de 2018)

O prezo unitario do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria por usuario e mes será o establecido, para cada unha das modalidades de usuario, polo Convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para coordinar o financiamento e desenvolvemento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria.

Segundo a Addenda Nº1 ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para coordinar o financiamento e desenvolvemento do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, o Concello de Sanxenxo asumirá o 50% do custo das persoas usuarias que estean dadas de alta no servizo en cada momento. Estas, á súa vez, contribuirán ao programa nun 50% desa achega municipal (o 25% do custo total do servizo), agás no caso de usuarios que vivan sós ou en unidades de convivencia cuns ingresos que non excedan do 105% do IPREM, que quedarán exentos do copagamento.

ARTIGO 10. – DEREITO Á PERCEPCIÓN

A obriga de pagar a taxa nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, coa instalación da unidade portátil que deberá levar permanentemente encima o usuario do servizo.

ARTIGO 11. - XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

As cantidades adebedadas en concepto de teleasistencia domiciliaria esixiranse trimestralmente mediante a elaboración do correspondente Padrón aprobado mediante Resolución de Alcaldía. O pagamento efectuarase mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante e/ ou usuario do servizo por escrito no momento da concesión. Procederá a devolución das taxas cando non se preste o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria por causas non imputables ao suxeito pasivo.

ARTIGO 12. – INFRACIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En todo o referente a infracción s e sanción s, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposición s de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

En todo o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.